

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 10 DE XUÑO DE 2016

LICENZAS FAVORABLES.-

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do anexo "Tratamento da medianeira" do proxecto de derribo "Básico e de execución de demolición de baixo + 2 en A Muíña". Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao cambio de denominación social dunha empresa a efectos dos dereitos e obrigas que a vinculen co concello. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á desestimación do recurso interposto no expediente para as obras de mellora de mobilidade e accesibilidade barrio Vista Alegre - Fase II. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á posta a disposición do Consorcio para executar a obra: Proxecto básico e de execución de mellora da eficiencia enerxética da fachada oeste do Pazo de Raxoi en Santiago. Apróbase a proposta.

6.- Proposta da alcaldía relativa á emenda de erro material no punto nº 9 da sesión de 6.5.16, relativo á devolución dunha fianza. Apróbase a proposta.

7.- Dar conta do decreto do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia, de data 3.6.16, relativo á declaración responsable no caso de solicitudes de ocupación da vía pública. Dáse conta do decreto polo que se substitúe a constitución de garantías para asegurar a necesaria reposición ou arranxo dos danos, afeccións ao mantemento do ornato de bens ou servizos municipais ou a limpeza da vía pública, por unha declaración responsable a todos os promotores, organizadores, ou responsables que soliciten autorizacións de ocupación da vía pública, na que se comprometan a levar a cabo dita reposición ou arranxo. Poderase esixir a constitución dunha garantía en eventos que polas súas características ou dimensións así o aconsellen.

8.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e o grupo de baile e música tradicional Brincadeira, para a concesión dunha subvención para 2016. Apróbase o texto do convenio e a concesión directa da subvención, por importe de 3.500 euros.

9.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello e o Ateneo de Santiago para a concesión dunha subvención para 2016. Apróbase a concesión directa da subvención por importe de 5.000 euros.

10.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio entre o concello de Santiago de Compostela e a asociación cultural O Galo, para a concesión dunha subvención para 2016. Apróbase o texto do convenio e a concesión directa da subvención, por importe de 2.000 euros.

11.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a asociación cultural Cidade Vella. Apróbase o texto de convenio, correspondente ao terceiro trimestre de 2016, e que non supón gasto para as arcas municipais.

12.- Dar conta da sinatura do Protocolo de intencións para a colaboración entre os concellos de Muros, Outes, Noia, Porto do Son, Lousame, Rois, Brión, Ames e Santiago de Compostela para a promoción conxunta do "Camiño de Santiago pola ría de Muros e Noia". Dáse conta.

URXENCIAS

1.-Prórroga do contrato de aluguer do local nº4 da rúa Salvador Allende, para uso das oficinas municipais de contratación e servizos comunitarios. Apróbase a prórroga do contrato por un ano, ata o 14 de xuño de 2017. O Concello e o arrendador pactan non revisar o prezo do alugueiro, que suporá un importe anual de 10.665,48 euros.

2.-Prórroga do contrato de aluguer do local nº5 da rúa Salvador Allende destinado a oficinas municipais de contratación. Apróbase a prórroga do contrato por un ano, ata o 14 de xuño de 2017. O Concello e o arrendador pactan non revisar o prezo do alugueiro, que suporá un importe anual de 11.971,80 euros.

3.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á adxudicación do contrato "Servizo para a posta en marcha dos Orzamentos Participativos para o ano 2017". Acórdase a adxudicación do contrato á empresa Cidadanía Rede de Aplicacións Sociais Soc. Coop. Por un importe de 56.000 euros máis IVE, ao ser a única proposta presentada e cumprir os requirimentos do prego técnico de aplicación.

4.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao acondicionamento de local en planta -2 do edificio B do Hospital Clínico Universitario de Santiago para laboratorios e zona administrativa da Fundación Ramón Domínguez. Acórdase conceder a Acciona Infraestructuras S.A a licenza de obras para o acondicionamento do local, cun orzamento de execución material de 800.121,42 euros.

5.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia de Modificación do artigo 6 do regulamento do Consello Municipal de Medio Ambiente. Apróbase a proposta, para engadir que no Consello Municipal de Medio Ambiente "poderá participar, con voz pero sen voto, calquera persoa física maior de 16 anos ou xurídica que previamente o solicite ao Concello de Santiago, presentando no Rexistro Xeral no prazo de tres meses contados a partir do día seguinte á sesión constitutiva, un escrito dirixido ao Concelleiro de Medio Ambiente e Convivencia".

6.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aprobación da convocatoria de axudas para o apoio a empresas de recente creación "Compostela Móvese 2016": Apróbanse as bases da convocatoria e a súa remisión para a publicación no BOP. Apróbase o gasto da convocatoria, por un importe de 100.000 euros.

7.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á concertación dunha operación de préstamo a longo prazo para o financiamento de investimentos, por un importe de 5.320.000 euro. Apróbase a proposta.